



Sumario | nº6 – Abril 2021



DIVULGACIÓN

**Permanencias,
dedicacións e baixas**



SUSANA RODRÍGUEZ

**Como xestiono o estrés
que provoca a tese?**

«O medo ao fracaso é unha constante
entre o alumnado de doutoramento»



**Fagámonos ver
m8Máis**




OPINIÓN

**Unha proposta
superadora dos
vellos paradigmas
científicos**



ENTREVISTA SUSANA TORRENTE

**«A formación sobre patentes
é una vantaxe na investigación
universitaria e na carreira
profesional na industria»**



**Artigos & Tese.
A divulgación de resultados
da investigación en soportes
científicos, tamén na etapa
de tese?**



**Podo facer seminarios de
formación como actividade
vinculada ao doutoramento?**



Teses extraordinarias




Máis de trinta persoas recibiron o Premio Extraordinario de Doutoramento do curso 2018-19 que outorga a USC. Quixemos coñecer como se senten e preguntarlles como reciben este importante recoñecemento. Estas son as respostas recibidas.

Parabéns polo traballo e polo premio!

Que significa para ti este recoñecemento?

Que aprendizaxe da etapa de elaboración da tese destacarías para compartir co estudiantado de doutoramento que agora está nese proceso?

RUTH RODRÍGUEZ BERMÚDEZ



Breed assessment and authentication of organic dairy production system in the North of Spain

Director/es: María Marta López Alonso, Marta Inés Miranda Castañón

PD: Medicina e Sanidade Veterinaria



Para min, principalmente é o recoñecemento de todo o traballo que houbo detrás da tese de doutoramento. Ademais, é unha axuda de cara á obtención de bolsas ou prazas públicas, polo tanto tamén pode ter un impacto no meu futuro profesional.

A aprendizaxe que eu destaco por enriba de todas, e que fai a diferenza entre ser Licenciada ou Doutora, é a capacidade adquirida para a búsqueda de información e o tratamento crítico da mesma. Ao estudiantado de doutoramento gustaríame dicirlle que aproveite ao máximo a experiencia. Sei que hai momentos moi duros anímicamente, que parece que a tese non vai saír adiante, pero deben confiar nas súas posibilidades e ser constantes no traballo, porque a pesar de que o camiño é difícil, paga a pena.

DAVID TOMÉ LOURIDO



Evaluación de habilidades psicológicas en deportistas, y su relación con la ansiedad y el procesamiento atencional

Director/es: Constantino Arce Fernández, Dolores Ponte Fernández

PD: Procesos Psicolóxicos e Comportamento Social



Supón o reforzo positivo a un traballo realizado en equipo. O “éxito” non podería ser posible sen a colaboración dos directores, compañeiras e compañeiros, participantes, así como o profesorado e persoal implicado no programa de doutoramento. Pode parecer un tópico, pero estou moi satisfeito de que todo ese gran esforzo fora recompensado.

Destacaría dúas grandes leccións: por unha banda que a ciencia é un proceso de co-produción, as metas individuais lógranse máis doadamente mediante sinerxías e o establecemento de redes de colaboración entre outros estudantes, departamentos, facultades e institucións; por outra, centrarse no esforzo, no que un pode controlar e non dedicar moito tempo a pensar en factores externos. Trátase de establecer obxectivos de esforzo e non de resultado, tal e como se lle aconsella aos deportistas!

[↩ Ir ao sumario](#)

Significado

Aprendizaxe

JOSÉ CAMPO CRECENTE



Technological and biological aspects of polymeric nanocapsules for the design of new nanovaccines

Director/es: M^a Josefa Alonso Fernández


PD: Investigación e Desenvolvemento de Medicamentos



Un premio a tantas horas de traballo e esforzo.

Demasiadas cousas como para ser conciso: a ciencia é navegar por augas non exploradas e, como tal, na maior parte das veces fracasas. Lidar co fracaso foi unha das aprendizaxes máis importantes. Para alén diso, as particularidades da linguaxe científica, a forma de comunicarse e relacionarse con outros científicos tanto do mesmo grupo como con outros colaboradores, nacionais ou internacionais.

MÓNICA GARCÍA GOLDAR



La liquidación de la sucesión ante la situación de crisis económica

Director/es: María Paz García Rubio

PD: Dereito



Para min, é un recoñecemento ao traballo duro e tamén ao apoio que me brindaron, sobre todo no período final de doutoramento, desde o meu entorno. A todos eles vai adicado.

A aprendizaxe que eu destacaría, pero que pode ser moi persoal, é que cada día conta, que hai que tomar notas de todos os traballos que se len e analizan e que, principalmente, é cara o final do doutoramento cando un xa ten unha perspectiva o suficientemente ampla para dar coherencia a todos os aspectos contemplados na tese.

SUSANA REMESAR ALONSO

Dinámica poblacional de las garrapatas exófilas en el noroeste de España y su papel como vectores de agentes infecto-parasitarios de importancia veterinaria y médica

Director/es: María P. Morrondo Pelayo, Gonzalo Fdez. Rdgz., Pablo Díaz Fdez.

PD: Medicina e Sanidade Veterinaria



A valoración do traballo realizado durante todo o período de pre-doutoramento.

A importancia de ser perseverantes.

[↩ Ir ao sumario](#)

Significado

Aprendizaxe

MARÍA JESÚS GARCÍA GUIMAREY



Thermophysical characterization of lubricants additivated with nanoparticles for their application in renewable energies

Director/es: Alfredo José Amigo Pombo, María José Pérez Comuñas

PD: Ciencia de Materiais



É un orgullo para min recibir este premio, que significa o recoñecemento a varios anos de esforzo e dedicación.

Durante a realización da tese doutoral creo que hai un momento común para a gran maioría de estudantes de doutoramento no cal se acada un punto de inflexión, no que en ocasións nos invade un sentimento de desorientación por non acadar as metas desexadas. Gustaríame alentar os/as investigadores/as que poidan estar vivindo este momento e dicirlles que aínda que a priori non o pareza, conseguirán repoñerse e afrontalo con éxito. Indubidablemente, para min esta superación persoal foi unha das aprendizaxes máis importantes ao longo da miña tese, ademais de comprender que a investigación é unha senda incerta de arduo percorrido pero gratificante destino.

ISABEL CORRAL PÉREZ



Diversidad lingüística indígena en Hispanoamérica. Una visión interdisciplinar centrada en el caso mexicano

Director/es: M^a Carme Silva Domínguez, M^a Sol López Martínez

PD: Lingüística



A valoración non só da parte máis visible da etapa doutoral, senón tamén de traballos de diversa índole que ocupan ao doutorando unha parte importante do tempo. Supón un recoñecemento máis global que a valoración da tese por parte do tribunal, sobre todo tendo en conta que o premio outórgase tomando como referencia toda a área de coñecemento na que se inserta a investigación.

Un consello que me gustaría recibir no meu primeiro ano de doutoramento é que é importante priorizar os traballos que todo doutorando realiza de forma complementaria á elaboración da tese. Saber desde o primeiro momento que é imposible abarcalo todo e que resulta necesario alcanzar un equilibrio entre a escritura da tese e a realización de actividades complementarias (artigos, relatorios, docencia, estadias, etc). Considero que sería moi útil e frutífero aprender desde o comezo da vida investigadora a publicar “con impacto” así como a dominar as formas de visibilizar os resultados da investigación. Por todo isto, recomendo aos actuais doutorandos que se poñan en contacto coa biblioteca das súas facultades para que lles informen e guíen nestas e outras cuestións básicas no proceso de investigación.

Significado

Aprendizaxe

LUCÍA LÓPEZ SOMOZA



Nonlinear differential equations on bounded and unbounded domains

Director/es: Alberto Cabada Fernández

PD: Matemáticas



Supón unha gran satisfacción a nivel persoal que o traballo realizado durante os meus estudos de doutoramento sexa merecedor deste recoñecemento. Ao mesmo tempo, creo que os criterios específicos do premio benefician a certas áreas fronte a outras, debido aos distintos ritmos de publicación que hai en cada unha delas, polo que considero que moitas das outras teses presentadas eran de gran calidade e, sen dúbida, tamén merecedoras deste recoñecemento.

Destaco sobre todo a gran oportunidade de traballar e estar en contacto con distintas persoas, tanto investigadores asentados como compañeiros de doutoramento, aprendendo cousas de todos e cada un deles. Creo que o traballo en equipo e o apoio mutuo entre distintas persoas é fundamental para que unha tese (e, en xeral, calquera traballo de investigación) saia adiante con éxito.

GUILLERMO GUADA PRADA



Spatio - temporal study of wood formation of Quercus robur L. and Q. pyrenaica Willd. in the Northwest of the Iberian Peninsula

Director/es: Ignacio García González

PD: Investigación Agraria e Forestal



Como un recoñecemento por ter realizado a tese baixo os criterios de calidade que se esixen hoxe en día, e todo iso foi posible grazas aos colaboradores e titores que me acompañaron na súa elaboración. Espero que este recoñecemento me axude a continuar investigando desde o bo facer, sen présa, pero sen pausa.

Ao longo do proceso de elaboración da tese pásase por distintos estados anímicos, polo tanto, resaltaría o aprender a “darse conta” destes altibaixos para non perder a motivación e fortalecer a confianza no traballo que estas desenvolvendo. Como experiencia enriquecedora destacaría a posibilidade de facer estadias no estranxeiro que che aportan unha visión global da investigación, obrígate a desenvolverte noutro idioma e dache un empurrón para en-red-arte a escala global.

Significado

Aprendizaxe

ANA RODRÍGUEZ GROBA



Enseñanza con redes sociais y aprendizaje autorregulado. Un estudio de caso en la Universidad

Director/es: Adriana Gewerc Barujel, María Esther Martínez Piñeiro

PD: Educación



O premio significa poñer en valor o arduo traballo e esforzo de moitas horas dedicadas a esta investigación e que, por momentos, unha non sabe se será quen de rematar con éxito. Unha motivación cara á dedicación que esixe este percorrido investigador (que tantas trabas parece ter por momentos). Un recoñecemento que comparto coas miñas directoras, polas horas destinadas a darlle luz a este traballo que agardo sexa un gran de area no coñecemento do eido educativo.

Difícil resumir un camiño de aprendizaxe tan longo en poucas liñas. Aprendín moito, pero destacaría que o principal foi a non desistir nas metas que unha se propón: “se a montaña que sobes parece cada vez máis imponente é que a cima está cada vez máis preto”. Aprendín que cada pasiño que dás, aínda que non o vexas nese intre, achégate ao final. E a non dudar en pedir axuda cando se está perdida.

NOEMI BUJÁN GÓMEZ



Controversias taxonómicas del género Edwardsiella: E. tarda vs E. piscicida

Director/es: Beatriz Magariños Ferro, María Alicia Carolina Estévez Toranzo

PD: Avances en Bioloxía Microbiana e Parasitaria



Un premio ao esforzo realizado todos estes anos e unha axudiña para o currículo.

Pois eu diría que exploras os teus propios límites intelectuais e de resistencia ao estrés, sempre menosprezamos as nosas capacidades e ó final, sempre podemos co inaudito.



OPINIÓN

Unha proposta superadora dos vellos paradigmas científicos

A articulación da actual EDIUS en catro grandes subáreas que non encaixan exactamente coas convencionais divisións das áreas de coñecemento responde a unha clara vocación interdisciplinar do actual equipo directivo. Este entende que a formación doutoral non ten só como meta a realización dunha investigación orixinal, senón que tamén debe ser unha oportunidade para tentar pensar o mundo dun xeito diferente: velaí o primeiro paso para cambialo.

Por iso, para definir as catro grandes subáreas nas que se organiza a actual EDIUS, evitouse unha excesiva atomización e procurouse crear espazos transversais nos que o diálogo intelectual e a colaboración entre equipos permita avanzar cara ao modelo de coñecemento colaborativo que demandan os enormes retos que teñen por diante as ciencias e as sociedades do século XXI.

Con grande satisfacción, estamos a comprobar que o noso alumnado captou á perfección este talento e esixenos decote que lle proporcionemos unha formación coherente cos devanditos principios epistemolóxicos: constatamos -e congratámonos diso- que xa non hai marcha atrás. De novo, un paso adiante para cambiar o mundo.

A mellor proba estámola a ter nas actividades formativas que organiza a EDIUS. Unha análise polo miúdo revela non só o éxito de público do que gozan as denominadas transversais, senón tamén a propia natureza proteica das que se propoñen por subáreas, claramente superadora dos vellos paradigmas científicos. No desenvolvemento desas actividades o alumnado atopa a oportunidade de adquirir novas ferramentas para o traballo investigador, pero tamén de repensar o seu propio obxecto de coñecemento, a súa natureza inmanente e a súa función no mundo, se cadra para rematar por cuestionar algo (ou moito) de todo iso. Outro paso máis -este imprescindible- para avanzarmos. E se a isto lle sumamos o estímulo que supón o encontro dialéctico con estudantes de diferentes intereses (mais semellantes inquedanzas) que as actividades posibilitan, o balance desta nosa aposta pola creación de espazos onde poder acceder de forma diferente a un coñecemento que tamén o sexa, non pode ser máis positivo.

Dolores Vilavedra
Subdirectora de EDIUS
Área de Humanidades e Artes
dolores.vilavedra@usc.es

DIVULGACIÓN

Permanencias, dedicacións e baixas

Unha tese de doutoramento é un proceso longo, incluso de varios anos, e iso fai que cambie a percepción do tempo. A tranquilidade dos primeiros meses pouco ten que ver coas présas dos últimos. A clave é organizar o mellor posible ese espazo tan extenso que pode variar entre 1 e 5 anos.

O tempo mínimo para poder presentar a tese é de 18 meses para alumnado con dedicación completa e o máximo, de 3 anos. No caso de dedicación parcial, contará cun mínimo de 24 meses e un máximo de 5 anos. Pero pode haber casos de dedicación mixta (van alternando entre dedicación completa e parcial en distintos períodos) nos que os prazos mínimos serán de entre 14 e 24 meses e os máximos de entre 3 e 5 anos, varía en cada expediente. Todas estas circunstancias sen considerar as prórrogas.

O cómputo total do tempo de permanencia nos estudos de doutoramento cóntase desde a primeira matrícula ata a presentación da solicitude de defensa da tese.

1

Cómputo do tempo

O alumnado pode estar a tempo completo ou parcial. Debemos distinguir entre:

- **Tempo transcorrido:** os meses naturais desde a primeira matrícula.
- **Tempo de dedicación:** calcúlase multiplicando o tempo transcorrido a tempo completo por 1 e sumándolle o resultado de multiplicar o tempo transcorrido a tempo parcial por 0,6
 $(\text{tempo transcorrido a tempo completo}) \times 1 + (\text{tempo transcorrido a tempo parcial}) \times 0,6$
 O tempo de dedicación coincide co tempo transcorrido no caso de que o doutorando ou doutoranda estea sempre a tempo completo. Só se multiplica por 0,6 no caso de dedicación total a tempo parcial.
- **Permanencia mínima nos estudos de doutoramento.** A normativa establece que o **tempo mínimo de permanencia** é de 18 meses naturais. No caso de que os estudos se fagan a tempo parcial, será de 30 meses naturais, ou o que é o mesmo, de **18 meses de tempo de dedicación**, sen considerar prórrogas e con independencia de estar a tempo completo ou a parcial.

1 Cómputo do tempo

- **Permanencia máxima nos estudos de doutoramento.** O tempo máximo de permanencia é de 36 meses naturais a tempo completo e de 60 meses naturais a tempo parcial (de **36 meses de tempo de dedicación** sen considerar prórrogas e con independencia de estar a tempo completo ou parcial).
- **Casos alternancia de tipos de dedicación.** No caso de ter, dentro dos 36 primeiros meses de dedicación, tempos de dedicación completa e parcial, os tempos máximos e mínimos de permanencia calcularanse aplicándolles o factor de corrección do 0,6 aos tempos en dedicación a tempo parcial.

Durante os períodos de prórroga non afectará o tipo de dedicación, completa ou parcial, á nova data límite de permanencia nos estudos de doutoramento resultado da concesión da prórroga.

2 Prórrogas

Unha vez consumido o tempo de dedicación máximo, o alumnado pode solicitar unha primeira prórroga, que se calcularía en meses naturais do seguinte xeito:

Prórroga = $12/36 \times t.$ completo + $24/60 \times t.$ parcial.

Esta duración non se verá afectada se a partir dos 36 meses de dedicación faise un cambio de tempo completo a parcial ou viceversa.

Deste xeito, un/ha doutorando/a que estivo sempre a tempo completo corresponderíalle unha prórroga de 12 meses naturais. Se estivo sempre a tempo parcial, correspóndenlle 24 meses. Por último, no caso de alumnado con distintos tipos de dedicación nos 36 meses iniciais corresponderíalle o resultado da fórmula anterior.

Unha vez rematado o prazo concedido da primeira prórroga, existe a posibilidade excepcional de solicitar unha segunda prórroga, que sería en calquera caso de 12 meses naturais, independentemente do tipo de dedicación (completa ou parcial) que teña o/a alumno/a e tamén independente de se realiza un cambio de dedicación nese período.

A EDIUS establece uns **prazos para a solicitude de prórrogas** que deberán ser respectados.

3

Baixas

■ **Baixas temporais**

Cómpre destacar que unha baixa non é unha prórroga nos estudos para a finalización do traballo da tese. Durante unha baixa, considérase que o doutorando ou doutoranda realizan unha pausa no traballo da súa investigación e no relacionado con ela, polo que non terán acceso aos recursos da universidade, nin computarán as actividades ou cursos que poidan realizar.

Distínguense dous tipos de baixa temporal, que non se computarán para os efectos do tempo mínimo e máximo de permanencia nos estudos de doutoramento:

a) Por razóns de enfermidade, embarazo ou outras causas previstas na normativa laboral vixente: As peticións deberán ser acreditadas documentalmente e dirixidas á CAPD responsable do programa. A duración da baixa será determinada pola causa dela.

b) A petición propia: a doutoranda ou doutorando poderá solicitar unha única baixa temporal no programa de doutoramento ante a CAPD por causas debidamente xustificadas. O período máximo desta baixa temporal será dun ano, ampliable ata outro ano máis. A solicitude deberá estar avalada pola dirección da tese e realizarse durante o período de tutela académica, agás circunstancias excepcionais.

As solicitudes de baixa temporal presentaranse pola Secretaría Virtual e deberá acreditarse documentalmente a causa ou causas alegadas. Con carácter previo á resolución de concesión ou denegación, a CAPD deberá emitir informe.

Estas baixas teñen que solicitarse, cando menos, 6 meses antes da data límite que teña un estudante para presentar a súa tese. Excepcionalmente, pode permitirse unha marxe menor de tempo (é precisa autorización previa e xustificada da EDIUS) pero, en todo caso, sempre, como mínimo, 2 meses antes da data tope para presentar o traballo.

■ **Baixas definitivas**

Poderíanse clasificar dous tipos de baixas definitivas, segundo se permiten volver matricularse no mesmo programa no que se causou baixa ou non. Estas baixas poden ser de carácter administrativo ou académico. Son causas de baixa definitiva de carácter administrativo:

1. Non realizar a matrícula anual nun curso académico.
2. Non ter presentado o plan de investigación nos prazos establecidos.
3. Non ter superados os complementos de formación nos prazos marcados.
4. A petición da doutoranda ou doutorando sen que concorra ningunha das causas de baixa definitiva de carácter académico.
5. A anulación ou arquivo da matrícula.
6. A falta de presentación do compromiso documental de supervisión ou a ausencia de sinatura no devandito documento.

3 Baixas

Son causas de baixa definitiva de carácter académico as seguintes:

1. Ter dous informes negativos consecutivos na avaliación anual.
2. O rexeitamento definitivo do plan de investigación.
3. Non ter superada a defensa da tese nos prazos establecidos.

Ante calquera baixa definitiva, o alumnado afectado poderá solicitar, por unha única vez e nun curso académico posterior, a matrícula noutro programa de doutoramento diferente na USC para desenvolver un novo plan de investigación/proxecto de tese logo da autorización da EDIUS.

A matrícula no mesmo programa só será posible cando derive dunha baixa de carácter administrativo, por unha única vez, e tres cursos académicos despois de terse producido a antedita baixa. Esta nova matrícula implica a anulación de todas as actuacións do expediente anterior.

No caso de cambio de programa de doutoramento, ou de solicitude de admisión noutro programa da USC, o estudante deberá facer previamente unha solicitude por escrito á Escola de Doutoramento Internacional da USC (EDIUS).

O/a reitor/a ditará resolución de baixa definitiva do programa contra a que poderá presentar recurso potestativo de reposición a través da Oficina de Análise de Reclamacións (OAR).

Se tes algunha dúbida:

edius@usc.es

EDIUS NOVAS

Convocadas as eleccións de representantes no Comité de Dirección da EDIUS

Tamén, no Claustro Universitario, nas Xuntas de Centro e nos Consellos de Departamento.

A USC acaba de convocar as eleccións para elixir ás persoas representantes do alumnado no Claustro Universitario, así como aos representantes de todos os sectores nas Xuntas de Centro e nos Consellos de Departamento e aos representantes no **Comité de Dirección da Escola de Doutoramento Internacional (EDIUS)** de:

- Persoal Docente e Investigador (PDI) vinculado a programas de doutoramento adscritos á EDIUS.
- Estudantado matriculado nos programas de doutoramento adscritos á EDIUS.
- Persoal de Administración e Servizos (PAS) que desenvolve a actividade na EDIUS.

A presentación de candidaturas poderá realizarse entre o 5 e o 12 de abril **a través da aplicación electoral**. Para acceder a esta aplicación os/as electores/as terán que identificarse mediante as claves de acceso corporativas da USC. O alumnado poderá acceder á aplicación dende a súa Secretaría Vir-

O procedemento será de votación electrónica

Presentación de candidaturas / **5 - 12 abril**

Proclamación provisional de candidatos/as / **13 abril**

Recursos ante a CEC contra a proclamación provisional / **13 - 16 abril**

Proclamación definitiva de candidatos/as / **20 abril**

Publicación do número de representantes a escoller en cada circunscrición / **20 abril**

Sorteo da letra de inicio de inscrición de candidatos/as nas papeletas electrónicas / **20 abril**

Campaña electoral / **21 - 27 abril**

Xornada de reflexión / **28 abril**

Votacións / xoves 29 abril

Proclamación provisional de candidatos/as electos/as / **3 maio**

Recursos ante a CEC contra a proclamación provisional de electos/as / **4 - 7 maio**

Proclamación definitiva de candidatos/as electos/as / **10 maio**

 [Ir ao sumario](#)

EDIUS NOVAS

A USC programa unha webinar para presentar a súa oferta de programas de doutoramento

A Universidade de Santiago de Compostela ten programado un webinar de presentación da súa oferta de doutoramento que se desenvolverá o día 7 de abril, enfocado principalmente ao alumando latinoamericano que aspire a realizar a súa tese nalgún dos programas que oferta a Escola Internacional de Doutoramento da USC.

Esta iniciativa enmárcase nas accións de visibilización da oferta formativa de calidade da EDIUS integrada por programas atractivos e multidisciplinares que permitan obter unha formación completa a través dun óptimo uso dos recursos humanos e materiais cos que conta a Universidade.

A oferta académica de estudos de doutoramento da EDIUS está integrada por 57 programas, dos que se ofertan 54: 11 de Artes e Humanidades, 11 de Ciencias, 15 de Ciencias da Saúde, 11 de Ciencias Sociais e Xurídicas e 7 de Enxeñaría e Arquitectura.

A EDIUS tamén ofrece aos seus doutorandos e doutorandas unha formación complementaria á súa actividade investigadora a través de cursos planificados e ofertados para que o alumnado fortaleza competencias e habilidades transversais como a comprensión das metodoloxías e técnicas de investigación, os procesos de documentación científica, as técnicas e métodos de comunicación científica e de análise de datos, e redacción de traballos de divulgación científica dos resultados.

[↩ Ir ao sumario](#)

Webinar 7 de abril

Doutoramento na USC

PROGRAMA

Presentación da EDIUS

17:00 - 17:15h

Artes e Humanidades

17:15 - 17:30h

Ciencias e Enxeñaría

17:30 - 17:45h

Ciencias da Saúde

17:45 - 18:00h

Ciencias Sociais e Xurídicas

18:00 - 18:15h

Preguntas e respostas

18:15 - 19:00h

EDIUS NOVAS

Aberta a matrícula anticipada no Doutoramento para alumnado de países alleos ao Espazo Europeo de Educación Superior

A USC quere facilitar que poidan ter admisión e matrícula con tempo suficiente para poder obter os permisos necesarios no seu país de residencia.



Xa está aberto o prazo para a Convocatoria de Matrícula Anticipada en Estudos de Doutoramento Oficial para o alumnado con estudos de países alleos ao Espazo Europeo de Educación Superior (EEES) para o vindeiro curso 2021/22.

Este adianto na convocatoria obedece á decisión da Universidade de Santiago de Compostela (USC) de que estes estudantes poidan ter unha admisión e matrícula con tempo suficiente para poder obter os permisos necesarios no seu país antes de iniciar o curso académico en España. A solicitude de admisión

poderá presentarse até o día 16 de abril de 2021 e deberá realizarse por medios electrónicos a través da Secretaría Virtual neste enderezo. Os datos solicitados deberán ser cubertos en galego ou español. As persoas interesadas poderán atopar toda a información e requisitos desta convocatoria nesta ligazón.

➤ ***Tamén está aberto o prazo para que o alumnado con estudos de países alleos ao EEES poidan matricularse anticipadamente nos Estudos de Mestrado Universitario Oficial***

↩ [Ir ao sumario](#)

EDIUS NOVAS

Acordos transformativos con *Cambridge University Press* e *Oxford University Press*

O Consorcio Interuniversitario do Sistema Universitario de Galicia (CISUG), constituído por USC, UDC, UVigo e Xunta de Galicia, acaba de asinar os seus primeiros acordos transformativos coas editoriais Cambridge University Press e Oxford University Press, dirixidos a transformar o modelo de pago de licencias por ler ao pago por ler e publicar en acceso aberto. O obxectivo de publicar os resultados da investigación científica nas universidades en modo de acceso libre é contribuír ao crecemento económico, á competitividade, á innovación, á creación de traballo e ao progreso da sociedade en xeral mediante un novo modelo de facer e difundir a ciencia.

Lee a nova completa do xornal da USC [aquí](#).

Científicos da USC, entre o 2% dos máis citados e influentes do mundo

39 investigadores e investigadoras da USC sitúanse entre o 2% dos **científicos máis citados** e influentes do mundo en 22 campos científicos e 176 subcampos. Así o establece a base de datos elaborada por John P. A. Ioannidis da Universidade de Stanford, xunto con Kevin W. Boyack de SciTech Strategies e Jeroen Baas da empresa Elsevier. O catedrático de Análise Matemática Juan Nieto é o nome da USC que aparece na posición máis destacada, seguido da catedrática de Farmacia e Tecnoloxía Farmacéutica, María José Alonso.


[↩ Ir ao sumario](#)

Xornada de benvida ao alumnado matriculado na quenda de febreiro

O alumnado que accedeu aos programas de doutoramento da USC na quenda de matrícula extraordinaria do mes de febreiro, para cubrir as prazas vacantes, asistiu, o día 17 de marzo, á xornada de benvida promovida pola Escola de Doutoramento Internacional da USC.

O director da EDIUS, o profesor Pablo Taboada Antelo, explicou pormenorizadamente o funcionamento da Escola e os pasos a dar polo alumnado que acaba de incorporarse, especialmente no referente á necesidade de asinar o compromiso de supervisión documental e comezar a elaborar con seu director de tese o seu plan de investigación para poder telo aprobado en prazo pola CAPD.

Asinar o documento de supervisión documental e elaborar o plan de investigación, as primeiras tarefas



Un momento da reunión, desenvolvida en Teams.



Julia Rey Brandariz

NOVAS

Unha doutoranda da USC obxectiva, por primeira vez en España, a mortalidade atribuída ao tabaco por comunidades autónomas

A maior carga de mortalidade asociada ao tabaco é debida ao cancro de pulmón e á enfermidade pulmonar obstructiva crónica e oscila entre o 49,0% en A Ríoxa e o 58,0% en Castela-A Mancha, segundo se desprende do estudio sobre Mortalidade atribuída ao consumo de tabaco nas comunidades autónomas de España, 2017 que vén de publicar a Revista Española de Cardiología, posicionada no primeiro cuartil das publicacións científicas da súa especialidade, e que ten como primeira firmante a Julia Rey Brandariz, alumna do programa de doutoramento en Epidemioloxía e Saúde.

Julia Rey calculou a carga de mortalidade atribuída ao consumo de tabaco en España en 2017, que se estima en 53.825 mortes entre a poboación con máis de 35 anos. No estudio obxectívouse, por primeira vez en España, como a carga de mortalidade atribuída varía entre Comunidades Autónomas desde un 10,8% , en A Ríoxa, ao 15,3%, en Canarias.

A metade (49,7%) das mortes atribuídas ao tabaco foron por tumores, o 27,5% por enfermidades cardiovasculares/cardiométicas e o 22,7% por enfermidades respiratorias. A maior carga de mortalidade asociada ao tabaco é debida ao cancro de pulmón e á enfermidade pulmonar obstructiva crónica e oscila entre o 49,0% en A Ríoxa e o 58,0% en Castela-A Mancha. Os datos aportan información relevante para a implementación de políticas sanitarias dirixidas a frear o impacto do consumo de tabaco desde unha perspectiva de saúde pública. O estudio enmarcase nun proxecto financiado polo Fondo de Investigacións Sanitarias en 2019 no que Julia Rey Brandariz participa como integrante do equipo de investigación que ten como investigadora principal á profesora Mónica Pérez Ríos, da área de Medicina Preventiva e Saúde Pública.

- *Tese: Carga de mortalidad asociada ao consumo de tabaco nas comunidades autónomas de España, 2017.*
- *Dirixida por Mónica Pérez Ríos e Alberto Ruano Raviña*
- *Ligazón ao artigo na Revista SEC*

[↩ Ir ao sumario](#)

EDIUS NOVAS

O doutorando Daniel Armada, premiado nun congreso europeo pola aplicación máis innovadora de análise medioambiental

Daniel Armada Álvarez, alumno de doutoramento do programa de Ciencia e Tecnoloxía Química da USC, recibiu o pasado 12 de marzo o premio á aplicación de análise medioambiental máis innovadora, así como á mellor contribución en formato póster, polo traballo *'Can Recycled Crumb Rubber Materials Spread Pollutants in Water? Evaluation of Water Leachates from Synthetic Turf Football Fields by HS-SPME-GC-MS/MS'*. Este importante galardón foi entregado durante a clausura do congreso internacional *1st European Sample Preparation e-Conference* da *European Chemical Society* (EUChemS).

O traballo deste investigador de doutoramento, do departamento de Química Analítica, Nutrición e Bromatoloxía, realizouse coa colaboración internacional do doutor Nuno Ratola, da Universidade de Porto, e do profesor Jacob de Boer, da Universidade Libre de Ámsterdam. A investigación baséase na análise de substancias tóxicas en augas de lixiviado procedentes de campos de fútbol de céspede artificial no que se emprega caucho granulado obtido a partir de pneumáticos de refugallo. Para iso, emprégase a microextracción en fase sólida, unha técnica verde que non emprega disolventes nin xera residuos.

A investigación de Daniel Armada en CRETUS, baixo a dirección da profesora María Llompart e a doutora María Celeiro, ten como obxectivo o estudo da presenza e distribución de substancias tóxicas en superficies de caucho reciclado e no seu entorno (auga, aire, etc.), así como as posibles implicacións toxicolóxicas que poidan supoñer ditas substancias sobre a saúde huma-

A investigación baséase na análise de substancias tóxicas en augas de lixiviado procedentes de campos de fútbol de céspede artificial

na. Este estudo enmárcase no proxecto nacional RETOS PID2019-104336RB-I00.

O traballo premiado é a primeira investigación na que se realiza unha simulación do paso continuo a augas de escorrentía destas substancias, en experimentos levados a cabo a escala de laboratorio en días consecutivos. Isto pon de manifesto que é unha fonte continua de contaminantes ao medioambiente, destacando neste caso, a presenza de 12 dos 16 PAHs considerados contaminantes prioritarios pola Axencia de Protección Ambiental dos Estados Unidos (EPA), podendo deste xeito afectar aos ecosistemas acuáticos.

Da mesma maneira, analizáronse mostras de auga recollidas directamente sobre campos de fútbol sintéticos, cuxos resultados foron análogos aos obtidos na simulación de lixiviados a escala de laboratorio, obténdose perfís de contaminación similares. Con isto, demostrouse que a presenza de substancias potencialmente canceríxenas, tóxicas para a reprodución ou disruptores endocrinos nestas superficies e a súa dispersión no medioambiente poden ocasionar riscos para o medioambiente e a saúde humana.

 [Ir ao sumario](#)

EDIUS NOVAS

Xa se poden enviar propostas de póster ou comunicación oral para o VIII Encontro da Mocidade Investigadora

Celebrarase os días 26, 27 e 28 de maio, en Santiago. Está aberto a estudiantado de doutoramento das tres universidades galegas.

A VIII edición do Encontro da Mocidade Investigadora (EMI) xa ten datas: os días 26, 27 e 28 de maio, en Santiago. As xornadas teñen como obxectivo favorecer as dinámicas de colaboración, debate e difusión do coñecemento xerado entre estudantes de doutoramento. Xa durante estes meses de abril, poderán enviarse as solicitudes para asistir a este encontro.

A inscrición será gratuíta e permitirá a presentación de comunicacións en galego, castelán e inglés. Poderanse presentar resumos ben para comunicación oral, ben para póster.

A inscrición farase a través dun formulario on line, onde se indicará se se acudirá ao Congreso como asistente ou para facer unha presentación. No formulario seleccionárase unha destas dúas alternativas: presentación oral ou póster e enviarase un resumo do traballo para presentar.

Os resumos, que terán unha extensión máxima de 250 palabras, en-

viaranse a través do formulario de inscrición. Será necesario incluír:

- Título do traballo (20 palabras).
- Autor/es.
- Área de coñecemento.
- Resumo (ata 250 palabras).
- Palabras chave (3 máximo).
- Figuras (opcional, máximo 2).
- Referencias (opcional, ata 5).

Este evento desenvólvese desde o ano 2012, aínda que en 2020 non puido celebrarse por mor da pandemia. Como xa se fixera en 2019, o encontro estará aberto non só ao persoal investigador procedente da USC, senón tamén aos seus análogos do resto das universidades galegas (Universidade da Coruña e Universidade de Vigo). En resumo, calquera estudante de doutoramento dunha universidade do Sistema Universitario Galego (SUG) terá a oportunidade de participar nun único evento, que durante varios días ofrecerá sesións de relatorios, pósters e mesas redondas.

A inscrición será gratuíta e permitirá a presentación de aportacións en galego, castelán ou inglés para póster ou comunicación oral

 [Ir ao sumario](#)

OPINIÓN

Máis que un encontro, un reencontro



David García Dios

En representación do Comité organizador do VIII Encontro da Mocidade Investigadora.

Desde o comité organizador do VIII Encontro da Mocidade Investigadora (EMI) queremos animar a todo o alumnado dos programas de Doutoramento a participar no evento mediante o envío de resumos para comunicacións orais ou pósters durante o prazo establecido, que se abrirá a principios de abril.

Aínda que lamentamos a imposibilidade de celebrar o EMI de forma presencial, cremos que o de este ano vai ser un dos máis especiais por varios motivos. A situación sanitaria fixo que o 2020 fose un ano de cancelacións xeneralizadas, tamén no ámbito dos congresos, e as investigadoras e investigadores predoutorais perdemos moitas posibilidades de mostrar as nosas investigacións á comunidade científica. Por esta razón, pretendemos que este encontro sexa, en realidade, un Reencontro da Mocidade Investigadora.

Por outra banda, a pandemia puxo de manifesto a importancia da investigación como pilar fundamental do noso desenvolvemento como sociedade. Creemos que as doutorandas e doutorandos, non só como parte senón, sobre todo, como futuro do sector da investigación, merecemos espazos nos que compartir o noso traballo e consideramos que, a nivel de Galicia, o Encontro da Mocidade Investigadora ten que ser un deses espazos.

Ademais, sabemos o potencial que o EMI ten como método de aprendizaxe. Algúns de nós tivemos unha das nosas primeiras experiencias en congresos neste evento. Compartir opinións, asistir a mesas redondas, ver traballos de campos de estudo próximos e tamén moi distantes aos propios, etc. Sen dúbida, o EMI é un espazo do que se poden sacar valiosas leccións de cara ao futuro académico e profesional. E, se ben é imposible evitar que parte desta esencia se perda co formato online, imos facer todo o que poidamos para que a experiencia sexa o máis próxima posible e igual de satisfactoria e enriquecedora.

Vémonos no EMI!

[↩ Ir ao sumario](#)

8 DE MARZO

Fagámonos ver m8Máis


As investigadoras que están a desenvolver a súa etapa de doutoramento protagonizaron a acción a EDIUS o 8 de Marzo para apoiar a visibilidade da muller na investigación. Case 150 alumnas enviaron as súas fotos para participar voluntariamente na campaña **Fagámonos ver m8Máis**, que se divulgou a través dun número extraordinario desde boletín de noticias, **nEDIUS-8M**, e dun video que inaugura a canle da Escola en YouTube.

O **nEDIUS-8M** e o video divulgáronse no **perfil da Escola en LinkedIn** e convertéronse en virales ao ser secundada polas participantes a proposta de levalo aos seus perfiles en redes sociais.

Todas as personas que formamos parte da dirección e dos equipos de traballo da EDIUS agradecemos a participación, celebramos que fose tan numerosa porque a visibilidade é unha tarefa conxunta de todas e todos e reiteramos o compromiso coas accións que traballen para conseguir unha igualdade real de xénero.

Con todas e entre todos, avanzamos en coñecemento se avanzamos en igualdade.

[↩ Ir ao sumario](#)



nEDIUS-8M e video coas fotografías aportadas polas investigadoras da Escola que se sumaron á iniciativa.



Fagámonos ver
nôvitas

EDIUS **NOVAS**

Como xestiono o estrés que provoca a tese?

Susana Rodríguez, profesora de Psicoloxía, recomenda ter un plan de traballo, diferenciar as tarefas prioritarias e programar os descansos



Susana Rodríguez impartiu unha actividade formativa promovida pola EDIUS para controlar o tempo e evitar o estrés dirixido ao alumnado de doutoramento. A actividade estará de novo na programación do próximo curso.

A preparación dunha tese de doutoramento supón un gran esforzo para investigadores e investigadoras, un camiño arduo que se pode prolongar até durante 5 anos. Por iso, é fundamental unha preparación tamén a nivel psicolóxico.

Para ter unha idea que como afrontar da mellor maneira posible o traballo anterior ao doutoramento falamos con Susana Rodríguez Martínez, doutora en Psicopedagogía e profesora do Departamento de Psicoloxía Evolutiva e da Educación da Universidade da Coruña. “Os traballos altamente esixentes que deben desenvolverse nun tempo marcado requiren dunha boa disposición psicolóxica. A confianza nun mesmo e unha implicación por razóns intrínsecas, centradas na mellora das competencias e no dominio de coñecementos, parecen soste un bo compromiso académico no contexto da elaboración dunha tese de doutoramento”, explica.

«O medo ao fracaso é unha constante entre o alumnado de doutoramento»

Susana Rodríguez asegura que os plans de estudos de doutoramento no noso país plantéxanse para ser desenvolvidos nun período aproximado de cinco anos “e os requisitos de publicación durante este período predoutoral son mais esixentes que noutros países”. Ademais, “mentres que noutros contextos a admisión nun programa de doutoramento está asociado a unha bolsa que cubre os gastos, aquí os doutorandos deben concorrer a contratos competitivos de traballo formal se precisan obter financiación durante este período formativo”, engade. Para esta experta, “nestas condicións, o estrés é de seguro inevitable. A clave está en coñecernos ben e dotarnos de boas estratexias para facerlle fronte”.

A investigación, segundo explica Susana Rodríguez, suxire que entre tres e catro de cada dez estudantes de doutoramento informan de sintomatoloxía depresiva e que esta poboación ten seis veces máis risco de experimentar ansiedade que a poboación xeral. “O tipo de liderado experimentado polos estudantes de doutoramento, e en particular a falta de liderado inspirador, asóciase cun maior risco de problemas de saúde mental”, afirma.

[↩ Ir ao sumario](#)

Consellos

A profesora ten claro cal é o primeiro consello que lle dá a aquelas persoas que se queiran facer unha tese de doutoramento: “Que se informen o mellor que poidan de onde se están a meter e que reflexionen sobre as súas expectativas cando inician estes estudos”. O número de novos doutores aumentou un 56% entre 2000 e 2012 (OCDE, 2014), e isto, que a priori é positivo, “pode ter efectos secundarios imprevistos”.

Para Susana Rodríguez, “a sociedade e os responsables das distintas institucións deberán valorar ben as políticas que sosteñen a financiación da investigación e as condicións de emprego neste ámbito”. A experta explica que as condicións de vida e as condicións económicas durante o período predoutoral, xunto coas expectativas profesionais, son os factores con maior potencial explicativo do benestar persoal.

“Ter un plan de traballo regular é un indicador que correlaciona coa satisfacción do doutorando/a e que podería tamén limitar a sintomatoloxía depresiva que se está a atopar nestas poboacións”, mantén Susana Rodríguez. Ao seu entender, un patrón de traballo semanal, organizado por tarefas/día, diferenciando entre tarefas prioritarias e pendentas, e onde se estableza especificamente o ocio ao final das semanas, “é o que a investigación asocia a un alto rendemento en contextos de logro”.

A profesora de Psicoloxía non dubida: “O medo ao fracaso é unha constante entre os doutorandos/as. Os sentimentos de incompetencia, as crenzas de falta de preparación, a sensación de que non avanza ou que no van ser quen de ler a súa tese, son frecuentes durante o proceso e constitúen o factor persoal que máis afecta ó benestar e a satisfacción durante o período predoutoral”.

Na súa opinión, “recoñecer que estratexias estamos a empregar para afrontar as dificultades e os fracasos, por que empregamos esas e non outras, e cales son as repercusións en cada caso é un aspecto de especial relevancia no camiño predoutoral”.

A EDIUS organizou o ano pasado un curso para tratar a xestión do estrés durante esta etapa. Susana Rodríguez, que foi unha das expertas que impartiu esta actividade, considera que estes talleres “convértense nun espazo de reflexión compartida sobre as propias expectativas. Os participantes poden optimizar as súas ferramentas para a distribución de tarefas de alta e baixa demanda e para a xestión do tempo ao longo da semana”.

Susana Rodríguez afirma que “o motivado que estea o individuo á hora de comprometerse cun traballo, xunto coas súas habilidades para xestionar esa motivación no tempo, son factores altamente explicativos da súas probabilidades de éxito”.

Na súa opinión, doutorandas/os deben establecer, co apoio do seu equipo de dirección, “unha temporalización dos grandes fitos do proceso de doutoramento, operativizando moi ben tanto as tarefas como os coñecementos ou competencias que cada un dos pasos lles van implicar”.

Finaliza explicando que “unha boa análise de tarefas facilita enormemente a autorregulación do proceso e con iso incrementáanse as posibilidades de éxito neste arduo camiño”.

[↩ Ir ao sumario](#)



Os resultados:

Como xestionas o teu tempo da tese?


(Os resultados non son representativos e a participación na enquisa é moi reducida. As aplicacións que se citan nesta páxina non son recomendacións da EDIUS e só reflicten algunhas das propostas feitas polo alumnado que respondeu á pregunta lanzada na sección *Catro Cousas* do boletín anterior).

1. Como xestionas o teu tempo da tese?



- Está ben xestionado
- A tese ocupa tempo que debería adicar a outras cousas
- Adico a outras cousas parte do tempo que debo adicar á tese

2. Nas miñas tarefas habituais, o que máis ocupa parte do tempo que debería adicar á tese é:



